

MATERIA
Literatura Infantil e Dramatización

unidade
didáctica
4

TITULACIÓN
Grao en Mestre/a de Educación Infantil

O mundo do libro infantil nas aulas

Rocío García Pedreira
Marta Neira Rodríguez
Carmen Ferreira Boo

Área de Didáctica da Lingua e da Literatura
Departamento de Didácticas Aplicadas
Facultade de Formación do Profesorado
Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679901>

MATERIA: Literatura Infantil e Dramatización

TITULACIÓN: Grao en Mestre/a de Educación Infantil

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Literatura, infancia e escola

Tema 1. Importancia dos libros e da lectura

Tema 2. Literatura Infantil e educación literaria

Tema 3. Recursos na mediación literaria

Tema 4. Educación en valores a través da Literatura Infantil

Unidade II. Producción literaria para a infancia

Tema 5. Clásicos da literatura de tradición oral e as súas reescrituras

Tema 6. Narrativa infantil e ilustración: o álbum ilustrado

Tema 7. Poesía infantil: do cancionero infantil ao álbum lírico

Unidade III. A práctica teatral na infancia

Tema 8. Teatro infantil e literatura dramática

Tema 9. Programación de sesións de expresión dramática

Unidade IV. O mundo do libro infantil nas aulas

Tema 10. O libro-obxecto na aula de infantil

Tema 11. O libro informativo na aula de infantil

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

COMPETENCIAS

CONTIDOS

1. O libro-obxecto na aula de infantil
 - 1.1. O libro-obxecto para a infancia: concepto, orixe e características
 - 1.2. Tipografía do libro-obxecto
 - 1.3. Ideas de actividades con libros-obxecto
2. O libro informativo na aula de infantil
 - 2.1. O libro informativo para a infancia: concepto, características e compoñentes
 - 2.2. Clasificación dos libros informativos
 - 2.3. Ideas de actividades con libros informativos

METODOLOXÍA

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

RECURSOS

- Recursos materiais
- Recursos espaciais
- Recursos dixitais

TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADES

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA/WEBGRAFÍA

PRESENTACIÓN

Esta Unidade Didáctica (UD), «O mundo do libro infantil nas aulas», encádrase na materia Literatura Infantil e Dramatización, que forma parte do plan de estudos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, titulación impartida tanto na Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) como na Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago) da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O principal propósito desta materia —tamén incluída na simultaneidade de estudos Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria— é formar o futuro profesorado de educación infantil en contidos referidos á literatura infantil e á formación literaria, para dotalo de ferramentas necesarias coas que enfrontar a difícil tarefa da mediación lectora. Neste sentido, o desenvolvemento de Literatura Infantil e Dramatización, materia obrigatoria e de carácter didáctico-disciplinar, non só se ocupa da capacitación teórico-práctica da acción docente neste ámbito, senón de ofrecer espazos de encontro e diálogo arredor da propia tradición literaria.

«O mundo do libro infantil nas aulas» constitúe a última das catro unidades que conforman a programación completa de Literatura Infantil e Dramatización e está conformada por dous temas:

- Tema 10: O libro-obxecto na aula de infantil.
- Tema 11: O libro informativo na aula de infantil.

OBXECTIVOS

As guías docentes da materia, dispoñíbeis nas páxinas institucionais das dúas facultades da USC que a imparten, propoñen unha serie de obxectivos xerais que son desenvolvidos en función de se están relacionados cos coñecementos, procedementos ou actitudes. Estes elementos son fundamentais para todas as unidades da programación e preséntanse a continuación:

Xerais:

- Que o alumnado, futuros docentes de Educación Infantil, adquira formación literaria e coñecemento da Historia da Literatura Infantil, valorando o estudo dos clásicos no contexto da literatura infantil europea, hispánica e galega.
- Que o alumnado adquira os coñecementos básicos sobre o proceso de adquisición e aprendizaxe da Literatura Infanto-Xuvenil (LIX), integrando o coñecemento da literatura de tradición oral canto á súa incorporación ao sistema.
- Que o alumnado recoñeza a importancia da Literatura Infantil no desenvolvemento da competencia e da educación literaria, e na formación integral do alumnado, valorando e asumindo a presenza das TIC no seu proceso de ensino/aprendizaxe nas aulas.

Coñecementos:

- Recoñecer a Literatura Infantil como arte verbal, como texto literario de valor, con entidade propia e non como *Trivialliteratur*, recoñecendo a nece-

sidade dunha crítica seria e precisa que, aínda que considere concretos aspectos sociolóxicos, rexeite a súa instrumentalización.

- Acadar o coñecemento dos conceptos fundamentais manexados no campo da didáctica da literatura infantil, da literatura de tradición oral e do teatro e dramatización, así como coñecer e dominar o corpus bibliográfico pertinente.
- Desenvolver e adquirir a competencia literaria necesaria para o estudo e elaboración de materiais didácticos e selección e programación de prácticas creativas susceptíbeis de seren integradas na aula, coa información precisa sobre a fundamental achega das novas tecnoloxías.

Procedementos:

- Asumir o desenvolvemento de experiencias que posibiliten a avaliación e selección de textos, a antoloxización e conformación dun corpus escolar no que se integre o texto interactivo e contorno multimedia.
- Analizar, avaliar e desenvolver a literaturización e incorporación da literatura de tradición oral no sistema LIX como actividade para os talleres literarios.
- Aplicar técnicas didácticas para a realización das actividades de dramatización, escenificación e posta en escena dun texto dramático a fin de valorar a importancia da interacción no desenvolvemento destas practicas.

Actitudes:

- Recoñecer o texto literario como realización plena da lingua e a importancia da recepción e produción textual para o desenvolvemento da competencia literaria e lingüística no contexto da competencia comunicativa.
- Ser consciente da transcendencia do coñecemento e dominio da Literatura Infantil a fin de valorar a súa incorporación a distintas áreas de coñecemento e concienciarse das singularidades dun contexto educativo plurilingüe para o desenvolvemento da competencia intertextual.
- Percibir a necesidade dunha formación continua que permita afrontar e adaptarse ás esixencias do ensino da Literatura Infantil no ciclo de Educación Infantil dado a fundamental achega das novas tecnoloxías e contorno multimedia.

En canto aos obxectivos específicos da unidade elaboráronse os seguintes:

- Reflexionar sobre o grao alto de experimentalismo característico da creación de libros infantís e a diversidade de propostas dispoñíbeis no mercado editorial actual.
- Recoñecer a importancia dos libros non literarios na planificación dos procesos de ensino-aprendizaxe na etapa de infantil.
- Coñecer e diferenciar as principais características dos libros-objeto e dos libros informativos.
- Coñecer diversas propostas de actividades para a programación didáctica da educación infantil a partir de obras dentro do ámbito dos libros-objeto e dos libros informativos.

COMPETENCIAS

As competencias que debe adquirir o alumnado logo da realización da materia —sinaladas na *Memoria da titulación*— divídense en xerais, básicas e específicas. Dentro do primeiro grupo atópanse as seguintes:

- X.2. Promover e facilitar na primeira infancia as aprendizaxes, dende unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva.
- X.3. Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e os dereitos humanos.
- X.5. Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia.
- X.11. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes.

Con respecto ás competencias básicas, estarían recollidas:

- B.2. Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- B.3. Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- B.4. Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- B.5. Que os estudantes teñan desenvolvido aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Finalmente, as competencias específicas serían:

- E.45. Coñecer a tradición oral e o folclore.
- E.50. Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
- E.51. Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.

Por outra parte, con respecto ás competencias clave establecidas pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o desenvolvemento da materia vincúlase coas seguintes:

- Competencia en conciencia e expresións culturais (CEC).
- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Competencia para aprender a aprender (CPAA).
- Competencia dixital (CD).
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE).

CONTIDOS

Nesta UD trátanse contidos básicos sobre os libros-objecto e os libros informativos. Tamén se fai fincapé no seu potencial educativo nas aulas. Estes contidos son os seguintes:

- Tema 10: O libro-objecto na aula de infantil.
- Tema 11: O libro informativo na aula de infantil.

Como se sinalou, correspóndense cun tema da materia, no cal se afondará nas seguintes epígrafes.

1. O libro-objecto na aula de infantil

1.1. O libro-objecto para a infancia: concepto, orixe e características

A atención que paulatinamente se lle foi prestando á infancia á hora de crear produtos artísticos, tamén literarios, foi chegando até os máis pequenos. Así, tanto para bebés coma para prelectores atópanse propostas encadradas no mundo do libro infantil, que poden ser ou non literarias, cun compoñente lúdico evidente e destacado, asentado sobre a interacción física co libro.

O libro-objecto é definido por Silva (2020, p. 8) como «artefacto ou um objeto híbrido no qual se conjugam intersemioticamente registros estéticos diversos como o discurso literário, a ilustração, o design ou a engenharia do papel», que non está destinado en exclusiva á infancia (Ramos, 2017). Nestas propostas, a introdución de distintas estratexias mecánicas converten o lector nun receptor activo, cuxa intervención manipulativa é esencial para acceder á mensaxe, dando lugar a un lector colaborador dende o punto de vista físico e a un tipo de lectura interactiva (Taberner-Sala, 2017).

Os libros-objecto son obras abertas ao experimentalismo e á creatividade artística, nas que o texto perde presenza e protagonismo, a favor da materialidade e o ludismo¹. Ramos (2017) explica que, habitualmente, atópanse situados fóra do dominio literario. En efecto, poden incluso perder por completo o compoñente literario e actuar como libros-xoguete: noutras palabras, xoguetes que adoptan a forma de libros e experimentan coa tradicional forma de interacción con eles, pasando as páxinas, pero realizadas con certo coidado a nivel estético e plástico.

Pese a que é unha tendencia crecente na produción de libros para os máis novos, ao longo da historia foron aparecendo claros precursores destas obras, como os libros-móbiles para adultos, na Idade Media, que seguiron producíndose séculos máis tarde. Tratábase de libros con mecanismos móbiles para traballos académicos

¹ Cómpre recordar que a partir do século XX a consideración arredor do xogo como unha perda de enerxía e de tempo foi variando, até ser hoxe recoñecido como unha acción fundamental para o coñecemento do mundo, para o desenvolvemento persoal e para o benestar do ser humano, especialmente importante nas primeiras idades.

de distintos campos como a astroloxía, a anatomía, a navegación, a adiviñación ou a relixión (G-Pedreira, 2018).

No século XVIII comezaron a publicarse unha serie de libros coñecidos como *Harlequinades*, para público infantil: historias con ilustracións dotadas de solapas intercambiábeis que permitían facer variacións sobre un relato inicial. Posteriormente, os novos conceptos da Pedagogía, que destacaban a importancia de relacionar a ensinanza co entretemento, promoveron a consolidación destes libros viventes/mecánicos/móviles como unha modalidade de publicación dentro da oferta para os máis novos. Así, o século XIX pode ser considerado como unha primeira grande idade de ouro destas obras.

Ademais, logo dun século XX marcado polos distintos conflitos bélicos, os anos 50 e 60 viñeron cargados de avances grazas á evolución das artes gráficas e das técnicas de impresión, ás alteracións nas formas de comunicación, á cultura de masas, á sociedade do consumo global, á posta en valor do compoñente lúdico e de entretemento do libro e ás influencias de manifestacións artísticas e culturais e outras formas de expresión, como a publicidade ou a prensa escrita. Por iso se fala, nestes anos, dunha segunda idade de ouro (Martins, 2019).

En síntese, a principal característica destas obras é a introdución de innovacións materiais que promoven a participación activa e interacción do lector coa obra, a través da manipulación física e/ou sensorial, que provoca efectos de movemento, transformación e/ou tridimensionalidade, cun claro interese lúdico (Sánchez, 2015).

1.2. Tipografía do libro-obxecto

Seguindo as teses das doutoras Sánchez (2015) e Martins (2019), a gran variabilidade deste tipo de obras pode ser clasificada en función de se os libros son creados a partir de sistemas planos ou tridimensionais, en función dos principios de encadernación ou da utilización de distintos materiais, e unha categoría final de híbridos, difícil de catalogar.

Figura 1. Esquema da clasificación dos libros-obxecto



Fonte: elaboración propia a partir de Sánchez (2015) e Martins (2019)

- Sistemas planos.
 - Libro *pull-the-tab*: libros cunha tira de papel (cinta, corda etc.) que, cando se tira dela, se empurra ou se desliza na dirección axeitada, fai que a ilustración se mova, se levante ou xurda tridimensionalmente.
 - Libro *lift-the-flap*: libros con solapas (fragmento de papel fixo á páxina) que fan aparecer unha ilustración, texto ou pop-up, cando son levantadas ou desdobradas.
 - Libro de imaxes transformábeis: libros con estratexias gráficas que fan posíbel a transformación dunha ilustración inicial que dá lugar a unha imaxe distinta, e que se activan cando a rapazada empurra, levanta ou fai xirar un pequeno fragmento de papel ou de tecido.
 - Libro-ruleta: libros que utilizan un disco de papel ilustrado, cuxo centro está fixo na páxina, que, ao ser xirado, mostra imaxes ocultas na páxina inferior ou provoca o efecto de movemento dalgún elemento engadido.
 - Libro perforado/recortado: libros con diversos buratos, orificios, brechas ou aperturas no papel e nas páxinas, creando espazos baleiros ou ocos a través dos que ver, facer aparecer ou descubrir imaxes.
 - Libro-máscara: obra na cal os buratos das libros están pensados para ser colocados ante os ollos do lector, simulando novos rostros ofrecidos pola publicación.
 - Tamén existen outros produtos literarios nos que non só se busca colocar os ollos, senón que o lector debe integrar fisicamente o libro, ocupando os espazos baleiros.
- Sistemas tridimensionais.
 - Libro *pop-up*: libros con elementos ou estruturas de papel, máis ou menos complexas, activadas automaticamente ao abrir e/ou pasar a páxina. Este movemento activa a estrutura tridimensional, que se desprega, para logo volver á súa condición plana, ao cerrar a dobre páxina.
 - Libro-teatro: trátase de libros con pop-ups dunha soa peza, estruturados en capas, e dobrados en V, que poden ser presentados cunha apertura que pode variar entre os 90º e os 180º. Ao miralos de fronte, a imaxe goza dun efecto de profundidade.
 - Libro escenario: libros pensados para a construción física dun escenario teatral tridimensional, algúns con fondos intercambiábeis, que converten o lector tanto en audiencia como en dramaturgo, responsábel do desenvolvemento da acción sobre o escenario. O propio libro pode construír o escenario sobre o que colocar os personaxes, mediante capas aliñadas unha detrás doutras, e habitualmente unidas entre si; ou pode tratarse de libros con pezas que se deben montar ou outros elementos anexos, como tapetes, que axudan a construír o escenario da acción, máis ou menos vinculado co libro en si, e con distintos graos de interacción entre ambos.

— Encadernación.

- Libro acordeón: libro dunha soa peza alongada, con dobras en Z, que dividen a obra en páxinas. Pode desdobrarse por completo, para lelo na súa totalidade, ou ir desdobrando pouco a pouco, para a lectura de cada dobre páxina. As páxinas de cada dobra poden tamén incluír outros elementos, como perforacións.
- Libro-xogo convencional: obras nas cales, aínda que se respecta bastante a fisionomía tradicional do libro, se desafían os límites da lectura convencional solicitando unha constante participación física do lector, destacando a súa dimensión lúdica e emocional.
- Libro *mix-and-match*: libros con divisións horizontais das páxinas, que as fragmenta en seccións, as cales se poden combinar para a creación de múltiples páxinas. Tenden a presentarse nun formato reducido e a utilizar encadernación en espiral.
- *Flip-book*: pequeno volume onde cada páxina presenta unha ilustración en secuencia que, cando son alternadas con certa velocidade, producen a sensación de movemento.
- Libro con separadores: libros nos que a información se presenta fragmentada a través de separadores distribuídos polas marxes superiores ou laterais, que dividen o seu contido en partes diferentes. Deste xeito, pódese acceder de maneira automática a un fragmento determinado.
- Libro-carrusel: obras pensadas para unha apertura de 360º, que poden alternar entre unha composición de 4 ou 6 escenas tridimensionais, con diferentes planos de profundidade paralelos, que se mostran ao espectador cando se abren, no sentido tradicional, até que capa e contracapa se tocan. Habitualmente, traen un cordel, clip ou velcro para fixalas. Poden rematar tomando forma de estrela ou de casa.
- Libro-boneco: libros con páxinas recortadas ou debidamente estruturadas para aproximarse á silueta ou imaxe física/corporal dos protagonistas, variando entre a impresión en papel, cartón ou tecido.
- Libro-vehículo: similar ao anterior grupo, pois trátase de libros onde as estratexias de corte e de estruturación se fan de acordo coa imaxe física dun vehículo. Tenden a incluír rodas de plástico ou cartón, que poden chegar incluso a ser funcionais.
- Libro-túnel: conxunto de obras compostas por unha secuencia de planos recortados, dispostos sucesivamente, de modo paralelo e equidistante, e dobrados en forma de acordeón que, cando son abertos, producen efectos de profundidade e perspectiva e un escenario tridimensional.
- Libro convertíbel: libros a partir dos cales é posíbel a creación dunha estrutura tridimensional, espazo físico no cal o lector pode entrar ou situarse sobre el, como se dun xoguete se tratara. O libro afástase da súa concepción tradicional e formal, promovendo que o lector se implique activamente na (re)presentación de narrativas.

— Materiais.

- Libro de baño: libros pensados para bebés, para a aprendizaxe dos primeiros conceptos ou con narrativas moi simples, pensados para amenizar a hora do baño e que utilizan materiais impermeábeis e maleábeis.
- Libro quebracabezas: libros nos cales as ilustracións están fragmentadas en pezas que deben ser montadas para poder ser vistas na súa totalidade. Poden ser acartonadas, vir recortadas ou non, imantadas etc.
- Libro con son: volumes nos cales se inclúen pequenos mecanismos ou dispositivos electrónicos, dispostos nas marxes dos libros ou inseridos na propia páxina, en lugares debidamente sinalados, que poden ser accionados ao tocalos, e dotan o libro de elementos sonoros (melodías, sons de animais etc.).
- Libro de ilusións ópticas: libros cuxas páxinas inclúen mecanismos ou elementos visuais que, mediante a posíbel utilización dun elemento engadido ao libro ou a interacción do lector, despregan ante el diversos efectos ópticos.
- Libro fantoche: libros acompañados de fantoches, é dicir, bonecos manipulábeis de man, dedo ou luvas. Na maioría de casos van adheridos á propia publicación, pero poden ser independentes e acompañar o libro.
- Libro táctil: libros que inclúen texturas mediante distintos efectos de acabado, como a aplicación de vernices distintos, impresión en relevo, fragmentos de cartón ou tecido pegados etc.
- Libro con asa: volumes que inclúen unha peza que permite aseguralos e transportalos facilmente, cun claro efecto de desformalización da lectura.
- Libro de tela: libros impresos en tecidos, de formato irregular e tridimensional, resistentes, lavábeis e seguros, pensados para a manipulación dos bebés.
- Libro con transparencias: libros con papeis translúcidos ou impresos en acetatos de papel vexetal, mediante os cales se xoga cos efectos de transparencia, opacidade e transformación da imaxe. A interacción coas ilustracións impresas de maneira convencional achega novos significados, que debe «activar» o lector mediante a manipulación física.
- Varios: libros con obxectos engadidos ou construcións particulares de acordo ao contido, de carácter educativo ou lúdico. Tamén se poderían engadir aquí os libros con adhesivos.
- Híbridos: a grande experimentación do campo de fabricación dos libros obxecto fai xurdir obras onde se combinan diferentes estratexias gráficas ou mecánicas, sofisticadas e híbridas, difíciles de catalogar.

Facendo mención a esta sofisticación da que falamos, cómpre destacar o recoñecemento dun novo tipo de autoría en moitas destas obras, a do enxeñeiro do papel

(G-Pedreira e Cortizas, 2017). Neste senso, a enxeñería do papel é a ciencia detrás do desenvolvemento de produtos de papel (ou similares materiais) de todo tipo, que poden traballar en colaboración con persoas autoras do texto e da ilustración, ou ser autoría única da obra final.

Algúns exemplos de famosos enxeñeiros do papel estadounidenses, con formación específica na materia, que se dedican tanto á produción de obras de interese para o público infantil e adulto, mediante a reescritura de obras infantís e xuvenís da tradición oral ou clásicos da literatura de autor, serían:

- Robert Sabuda (Estados Unidos, 1965): autor de reescrituras en pop-up de *Alice in Wonderland*, *Peter Pan* ou *The Wizard of Oz*, ademais de obras da literatura oral como *The Little Mermaid*.
- Matthew Reinhart (Estados Unidos, 1971): da súa produción destácanse as reescrituras como libro-objeto pop-up das adaptacións filmicas de Disney de historias populares, como *Disney Princess. A Magical Pop-Up World* ou *Frozen*. Tamén fixo creacións a partir dos famosos libros protagonizados polo mago Harry Potter, do *Libro da Selva*, da saga filmica de *Star Wars*, da película *The Nightmare before Christmas* ou sobre diversos personaxes pertencentes ao mundo de DC cómics ou o estudo Pixar.

1.3. Ideas de actividades con libros-objeto

Ademais das actividades de comprensión literaria e de interpretación da narrativa que foron traballadas en temas anteriores, que buscan o fomento do hábito lector mediante a vinculación efectiva e afectiva dos máis novos co mundo do libro, no caso dos libros-objeto interesa especialmente propoñer actividades que exploren a materialidade do libro como artefacto. Ademais, no caso de libros non literarios ou sen narrativa, a creación de historias vinculadas dalgunha maneira coa proposta da obra pode ser especialmente interesante.

Dentro do aspecto da materialidade, os efectos da imaxe ou dunha parte dela que se poden imitar coa creación e experimentación en primeira persoa con estes mecanismos son: movemento, transformación e tridimensionalidade. Algúns exemplos con técnicas concretas poderían ser:

- Crear un libro pop-up: poden construírse, a nivel individual, tarxetas con sinxelos mecanismos pop-up, a partir de materiais e modelos con indicacións, que logo se unirían para facer un libro pop-up de clase.
- Xogando coas solapas: a partir de temáticas ou contidos relacionadas coas propostas dos libros con solapas vistos, o alumnado pode facer a súa propia creación con solapas para presentar personaxes. Tamén poden versar sobre obxectos, lugares ou espazos literarios, e incluso xogar cos cambios ao longo do tempo, levantando solapas.
- Tarxetas diorama que recrean escenarios de historias lidas.
- Mesturar personaxes de contos: coa técnica dos *mix-and-match* o alumnado pode debuxar os distintos personaxes do conto en follas entregadas pola docente, con marcas por onde logo se recortará para obter dúas ou tres

pezas. Cada peza podería acompañarse dunha sílaba ou parte do seu nome. Logo encadéranse todas en espiral para crear novos personaxes mesturando os coñecidos, que poden utilizar en novas creacións ou traballar en colaboración con niveis superiores para que eles se encarguen de escribilas.

2. O libro informativo na aula de infantil

2.1. O libro informativo para a infancia: concepto, características e compoñentes

Tamén coñecidos como libros de coñecementos, de divulgación, documentais ou de non ficción, os libros informativos son propostas vinculadas ao uso do discurso informativo, estruturado e veraz que estimulan a curiosidade e o interese do lector (Sampérez *et al.*, 2021). Os libros informativos dirixidos aos máis novos tenden a ofrecer dous tipos de lectura en función de se o receptor lle dá prioridade ao contido —lectura eferente— ou á conexión emocional coa obra —lectura estética— (Carter, 2001).

Aínda que as obras con estas características levan na sociedade moito tempo, dende finais dos anos oitenta a produción dirixida ao público infantil coñeceu un espectacular crecemento, tanto no deseño como no contido e no tratamento dos temas. Nalgúns casos, a súa produción foi impulsada polas reformas pedagóxicas que recomendaron o uso de materiais externos aos libros de texto, e noutros foron as propias editoriais non vinculadas coa escola as que viron un nicho de mercado.

O interese e éxito destes libros nos últimos anos, tanto entre o público en xeral como o infantil, parecen relacionarse co desexo das persoas de saber máis sobre ideas e temas importantes na súa vida, nun mundo cambiante e inestábel, onde a información se move de maneira indiscriminada mediante a rede e as novas tecnoloxías.

A partir da investigación realizada por Garralón (2013) é posíbel de delimitar algunhas características aplicábeis á gran variedade de libros informativos que se atopan no mercado actual:

- A súa intención principal é divulgar un tema.
- Poden ser creados por un amplo equipo de profesionais de distintos campos (divulgadores, xornalistas, científicos, fotógrafos, ilustradores, escritores, enxeñeiros do papel etc.) ou ser concibidos e desenvolto por unha persoa soa, máis vinculados á creación de autor.
- Están feitos para un público lector determinado.
- Son fiábeis, científicos e rigorosos.
- Malia o interese divulgativo, transmiten tamén o gusto por ler e saber máis sobre o lido, apelando a un lectorado activo co que interactúan para facelo partícipe.
- Utilizan diversos recursos que o vinculan con distintos tipos de libros: libros-objeto, álbums, libros con sons etc.

Os seus principais compoñentes son o textual e o visual. O textual é realizado por un autor que pode ser definido tamén como divulgador: a persoa que se encarga de simplificar, sintetizar e exemplificar un coñecemento elaborado cunha linguaxe especializada para convertelo nun texto máis accesíbel, popular e familiar. Ademais, é habitual a presenza de preguntas, que poden cumprir unha dobre función: ofrecer pausas que lles dan a oportunidade para deterse e reflexionar sobre o que están lendo ou facer que o lectorado conecte cos seus coñecementos previos para vincularlos coas novas aprendizaxes.

O compoñente visual é utilizado para invitar esteticamente á lectura. Nas propostas actuais exceden a función meramente estética e ofrecen información privilexiada ao lector: é utilizado para explicitar ou mesmo substituír parte do contido textual pola súa representación mediante a imaxe para facelo máis accesíbel; por exemplo, no caso das descrições ou das árbores xenealóxicas. Tamén pode utilizarse para sintetizar acontecementos temporais nunha mesma representación visual ou viñeta, mantendo algúns elementos fixos e dándolle progresión a outros, normalmente personaxes ou obxectos.

As imaxes poden materializarse como fotografías, ilustracións, gráficos ou esquemas, e representarse de maneira illada ou secuenciadas. Ademais, poden introducir estratexias mecánicas propias da enxeñaría do papel.

2.2. Clasificación dos libros informativos

A maneira de combinar os distintos recursos que utilizan estes libros para a presentación da información fan difícil que moitas destas obras se presten a unha lectura ordenada, de principio a fin, de esquerda a dereita. Seguindo a Garralón (2013), unha posíbel tipoloxía que dá cabida á gran maioría de propostas que poden ser consideradas como libros-informativos sería:

- Divulgación narrada: obras onde a información se presenta como unha historia, que tende a estar organizada de maneira cronolóxica. Teñen unha función emotiva, xa que se centran moito no suxeito, e fan unha interpretación do feito con certo grao de subxectividade; é dicir, adoitan tomarse certas «licenzas» ficcionais. Non son moi axeitados para a consulta precisa dun dato concreto, pero teñen moito interese como ponte cara a lecturas máis complexas ou para lectores máis cómodos coas estruturas narrativas.
- Divulgación visual narrativa: ao igual que no caso anterior, tamén se atopa unha narración, pero a imaxe xoga un papel de maior relevancia. En moitas ocasións a imaxe acompaña ou representa a narrativa creada para a obra, mentres o texto achega ou explicita o contido científico ao que se refire. Ademais, neste grupo tamén estarían os libros informativos que utilizan as convencións do cómic. Tanto neste grupo como no anterior, en moitas propostas a fronteira coa ficción é moi sutil.
- Divulgación visual documental: ao igual que no caso anterior, o código visual é rico e variado, cunha maquetación atractiva e suxerente, pero son obras de carácter máis descritivo e documental. O texto ten un ton impersoal, sen

apenas referencias a situacións emocionais ou subxectivas. Ademais, tenden a utilizar unha linguaxe máis técnica e ser o resultado dun equipo de traballo diverso.

- Divulgación tridimensional/activa: obras nas cales a interacción e manipulación co libro é fundamental para a súa lectura, xa que utilizan distintas estratexias mecánicas propias da enxeñería do papel e dos libros obxecto: pop-up, solapas etc.

Ademais, a mesma investigadora tamén indica que poden ser clasificados en función de como se organiza a información dentro da obra:

- Alfabética: información ordenada segundo a orde do alfabeto. Por exemplo, dicionarios, enciclopedias ou libros de alfabetos.
- Cronolóxica: información ordenada nunha secuencia temporal progresiva. Por exemplo, libros de instrucións, experimentos, textos científicos, relatos históricos ou biografías.
- Comparación/contraste: información presentada comparando un aspecto ou punto de vista con outro. Por exemplo, coleccións ou cuestións políticas ou sociais.
- Acumulación: informacións encadeadas, como nos libros científicos ou temas sociais.
- Enumerativa: as partes relevantes dun tema examínanse dende distintas áreas, como nos libros de acontecementos.
- Problema/solución: a información organízase arredor dunha serie de situacións acompañadas de posibles solucións, como os libros sobre ecoloxía e conciencia ambiental.
- Pregunta/resposta: un tema práctico preséntase a través dunha serie de preguntas formuladas ao lector, seguidas da resposta, como os libros de curiosidades.
- Do simple ao complexo: a información segue unha progresión dende o básico a detalles máis elaborados, como os manuais de pintura.
- Narración: a información preséntase a través dunha historia, como as biografías individuais ou colectivas.

2.3. Ideas de actividades con libros informativos

No caso dos libros con estrutura narrativa, as mesmas actividades e propostas de dinamización da lectura, a partir da comprensión e interpretación, poden ser adaptadas e utilizadas con respecto aos libros informativos. Con todo, resulta fundamental propoñer actividades mediante as cales sexan capaces de extraer os contidos científicos e/ou conceptuais, como principais resultados da experiencia de lectura. As predicións feitas antes da lectura, contrastadas durante a mesma, e dotadas de significación mediante as actividades de despois, deben ser veraces e rigorosas.

Neste grupo destaca o caso das biografías ilustradas, un subxénero de grande éxito editorial no mundo do libro infantil actual, que permiten achegarse a distintas

figuras importantes de maneira sinxela e atractiva, especialmente mulleres. A partir destas obras poden realizarse multitude de actividades, tanto para profundar no coñecemento da/s persoa/s en cuestión como na disciplina coa que se vinculan.

No relativo aos libros de carácter máis documental, as propostas poden ir encamiñadas dende tres perspectivas distintas:

- Actividades co tema xeral do libro: por exemplo, arredor dos animais, o universo, as profesións, momentos históricos etc. Nestes casos, os libros informativos poden presentarse como unha alternativa máis atractiva e motivadora para darlle entrada e continuidade ao traballo con contidos de carácter máis conceptual.
- Actividades arredor dun dos temas contidos no libro: por exemplo, a partir dun dos exemplos facilitados polo libro ou dunha das preguntas contidas nos libros de curiosidades. Teñen especial interese porque permiten traballar, por grupos ou individualmente, e de maneira simultánea, distintos puntos de interese sobre un tema máis xeral que logo se pode poñer en común; é dicir, facer grupos de expertos que poden incluso planificar os seus recunchos, mediante os cales compartirán os seus coñecementos cos demais.
- Actividades a partir dos aspectos formais do libro: por exemplo, a creación dun dicionario ilustrado, unha biografía narrada ou un libro catálogo de profesións ou animais, con solapas ou outras técnicas sinxelas. O seu maior potencial reside no concepto da aprendizaxe mediante a manipulación física e a experimentación: aprender facendo.

METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada ao longo da programación caracterízase por ser flexíbel, variada e aberta á innovación. Con todo, tamén pretende ser realista con respecto ao modelo metodolóxico instaurado na ensinanza universitaria.

Neste sentido, inicialmente as sesións divídense en expositivas e interactivas. No primeiro caso, trátase de sesións maxistrais nas que se profunda nos contidos básicos recollidos na unidade. A exposición oral verase reforzada coa utilización de presentacións realizadas mediante *PowerPoint* e *Canva* nas que destaca o compoñente visual e se presentan os contidos esquematizados. Co obxectivo de dinamizar estes desenvolvementos de carácter máis teórico e promover a participación activa dos discentes utilizaranse diversas estratexias. Algúns exemplos serían a proxección de vídeos e noticias ou a formulación de preguntas sobre algún dos aspectos traballados para iniciar debates. Tamén a lectura dramatizada de obras literarias que exemplifiquen os contidos desenvoltos.

As sesións interactivas, de carácter máis práctico, divíden os discentes en agrupamentos de menor número que facilitan o desenvolvemento de actividades co alumnado como protagonista. Así, a persoa que exerza a docencia pasa a converterse nun guía que facilita os procesos de ensino-aprendizaxe. As estratexias utilizadas varían en función das actividades concretas, mais mantense constante o traballo

cooperativo en pequeno grupo. Porén, tamén se planifican os tempos para que, en todas as sesións, haxa tempo para un momento de posta en común onde se compartan o traballo dos diferentes agrupamentos.

Por outra parte, os tempos de traballo autónomo non presencial do alumnado serán fundamentais para a materia. Non só para a realización das actividades pautadas, senón tamén no visionamento e lectura de recursos de maneira previa ao desenvolvemento da sesión onde se van traballar en profundidade. Desta maneira, aplícanse principios metodolóxicos do modelo da aula invertida que favorecen a motivación pola aprendizaxe e o aproveitamento do tempo lectivo presencial.

Alén disto, outros dos principios metodolóxicos fundamentais da programación serán:

- Aprendizaxe significativa, mediante a simulación e creación de casos ou situacións reais de comunicación na aula. Por exemplo, o deseño de programacións didácticas con obras literarias a partir de obxectivos propios da educación literaria e outros vinculados coa actualidade social.
- Enfoque globalizador, poñendo en relación a educación lingüístico-literaria con outras áreas fundamentais como a educación artística ou a educación en valores.
- Clima de seguridade e confianza, que resulta fundamental para o desenvolvemento de debates e dinámicas de lectura dialóxica.
- Aprendizaxe creativa, con especial énfase nas tarefas propostas nas sesións interactivas que buscan a aplicación práctica dos contidos teóricos para o desenvolvemento dun produto que logo deberá ser compartido cos demais.
- Acción titorial integrada na acción docente. Neste sentido, enténdese o rol do docente no proceso de ensino-aprendizaxe como un acompañamento baseado na comunicación interpersonal fluída, respectuosa, accesíbel e empática.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é fundamental para o fomento da inclusión en todos os niveis educativos e a súa extrapolación á realidade social alén das institucións. A Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, recolle algunhas medidas ordinarias fundamentais coa finalidade de proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. En concreto, as medidas ordinarias son aquelas que non afectan aos elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

No desenvolvemento da presente unidade aplicaranse as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa á diversidade do alumnado, mediante diferentes medidas como: a adaptación da programación de contidos en función dos horarios, a asignación de tempos para as titorías planificadas e

non planificadas, o coidado nos procesos de agrupamento do alumnado e a distribución dos espazos, dentro do posíbel.

- Actualización das programacións para adecualas ao alumnado e ás circunstancias da súa contorna.
- Darlle prioridade ás metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e á inclusión de iniciativas de titoría entre iguais.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás necesidades ou circunstancias do alumnado.

En todo caso, para todas as decisións que se poidan tomar neste sentido contarase co apoio e soporte do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC, especialmente naqueles casos nos que no grupo haxa estudantes con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e/ou Necesidades Educativas Especiais.

RECURSOS

A continuación fírase unha aproximación aos diversos recursos (materiais, espaciais e dixitais) que se empregarán no desenvolvemento da materia e, por extensión, desta unidade. Con todo, non se esquece a importancia dos recursos humanos, tal é o caso do persoal docente responsábel do cumprimento de todos os aspectos recollidos nesta UD.

Recursos materiais

- Textos de referencia: textos teóricos principais que sustentan o desenvolvemento da unidade, centrados nos temas correspondentes e recollidos na bibliografía.
- Material de estudo: aquel desenvolto pola persoa que exerce a docencia ou o propio alumnado para o estudo da materia ou o desenvolvemento dalgúns actividades, como apuntamentos, resumos, esquemas ou mapas conceptuais.
- Libros infantís: seleccionados previamente polo persoal docente responsábel da materia. Son o principal recurso utilizado durante o club de lectura e poderase acceder a eles nas diferentes bibliotecas da contorna (biblioteca da facultade, bibliotecas municipais etc.).

Recursos espaciais

- Aulas ordinarias: espazos asignados pola facultade nos cales se desenvolverá a totalidade das sesións.
- Aula Virtual da propia materia: espazo do Campus Virtual da USC onde son compartidos todos os textos de referencia e materiais de estudo elixidos e/ou elaborados polos axentes vinculados na aprendizaxe: docentes e discentes.

Recursos dixitais

- Presentacións dixitais: utilizadas nas sesións expositivas e nalgúñas das interactivas, realizadas mediante *PowerPoint* e *Canva*.
- Recursos audiovisuais, dispoñíbeis na rede mediante *Youtube* e incluídos na webgrafía.

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización aquí presentada contempla datas concretas, sinaladas no calendario académico para o curso 2021-22, tales como o Día Internacional da Muller (8 de marzo), o Día Mundial da Poesía (21 de marzo) ou o Día Mundial do Teatro (27 de marzo) para o seguimento dos contidos. Así a todo, resulta facilmente adaptábel a outros cursos académicos nos que haxa pequenas variacións nas datas e nas sesións da materia.

Esta cuarta UD está composta por 4 sesións presenciais de 90 minutos cada unha, 2 expositivas e 2 interactivas, e comeza na décima semana da materia.

Táboa 2. Temporalización da materia

Unidade I Unidade II Unidade III Unidade IV

CALENDARIO		EXPOSITIVA	INTERACTIVA
SEMANA 1	31/XAN-06/FEB	Presentación da materia	SESIÓN 1: Importancia dos libros e da lectura. Actividade: Os dereitos do lector e os deberes do mediador
SEMANA 2	07/FEB-13/FEB	SESIÓN 2: Literatura Infantil e educación literaria	SESIÓN 3: Os problemas da mediación lectora. Actividade: debate sobre o «lectocrime»
SEMANA 3	14/FEB-20/FEB	SESIÓN 4: Recursos na mediación literaria	SESIÓN 5: Propostas para o traballo na aula. Actividade: xogos de mesa de temática literaria
SEMANA 4	21/FEB-27/FEB	SESIÓN 6: Educación en valores a través da Literatura Infantil: temas emerxentes	SESIÓN 7: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (I)
SEMANA 5	07/MAR-13/MAR	SESIÓN 8: Clásicos da literatura de tradición oral e as súas reescrituras	SESIÓN 9: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II)
SEMANA 6	14/MAR-20/MAR	SESIÓN 10: Narrativa infantil e ilustración: o álbum ilustrado	SESIÓN 11: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II)
SEMANA 7	21/MAR-27/MAR	SESIÓN 12: Poesía infantil: do cancionero infantil ao álbum lírico	SESIÓN 13: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II)
SEMANA 8	28/MAR-03/ABR	SESIÓN 14: Teatro infantil e literatura dramática	SESIÓN 15: Actividade: creación teatral colectiva

SEMANA 9	04/ABR-10/ABR	SESIÓN 16: Programación de sesións de expresión dramática	SESIÓN 17: Actividade: xogos de rol de temática literaria
SEMANA 10	18/ABR-24/ABR	SESIÓN 18: O libro-objecto na aula de infantil	SESIÓN 19: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II)
SEMANA 11	25/ABR-01/MAI	SESIÓN 20: O libro informativo na aula de infantil	SESIÓN 21: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II)
SEMANA 12	02/MAI-08/MAI	EXPOSICIÓNS ORAIS	EXPOSICIÓNS ORAIS
SEMANA 13	09/MAI-15/MAI	Despedida: resolución de dúbidas e avaliación, por parte do alumnado, do desenvolvemento da materia e da actuación docente	Actividade: Concurso final da materia

Fonte: elaboración propia

ACTIVIDADES

Nas sesións correspondentes ás clases expositivas desenvólvense teoricamente os contidos dos temas 10, «O libro-objecto na aula de infantil», e 11, «O libro informativo na aula de infantil». Esta parte teórica será completada nas sesións interactivas correspondentes coa continuación da proposta do club de lectura iniciado na última sesión da primeira unidade didáctica da programación. Nesta cuarta unidade, as seleccións para cada sesión responden aos dous tipos de libros traballados nas correspondentes sesións expositivas: libros-objecto e libros informativos. A organización das sesións está recollida no seguinte cadro:

Táboa 3. Secuencia didáctica da unidade IV

TEMA 10	<p>Exposición maxistral de contidos teóricos do tema 10: «O libro-obxecto na aula de infantil». Iniciarase cunha chuvia de ideas para identificar palabras ou características que o alumnado vincula con esta tipoloxía de libros. A explicación irá acompañada da formulación de preguntas para a participación activa do alumnado e a presentación e lectura das obras literarias indicadas no apartado de recursos para exemplificar algúns dos aspectos teóricos traballados. Ademais, propoñeranse dinámicas baseadas en predicións e momentos de debate e intercambio de percepcións sobre as obras, guiadas pola docente.</p>
	<p>RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS</p> <p>— Presentación dixital do tema 10. — Apuntamentos do tema 10. — Textos de referencia. — Libros-obxecto: <i>¿Quién es? ¡Cuidado!</i> (2015), <i>Ñac-ñac, el monstruo comelibros</i> (2016), <i>Animalario universal del profesor Revillod</i> (2016), <i>Pinocho. Cuentos con movimiento</i> (2017), <i>¿Quién está debajo del agua?</i> (2017), <i>San Jorge y el dragón</i> (2017), <i>Fort Extravagant</i> (2018), <i>Tren. Construye tu circuito de aventuras</i> (2018), <i>¿Qué hay debajo de tu cama, Ted?</i> (2019), <i>Un becho estraño</i> (2020), <i>Mi libro carrusel. Cuentos fantásticos</i> (2020), <i>Museo en pijamarama</i> (2020). — Vídeos de <i>Best Pop-Up Books</i>: «Favorite Pop-ups created by Robert Sabuda» (2015) e «Disney Princess: A Magical Pop-Up World by Matthew Reinhart» (2015).</p>
TEMA 10	<p>— Actividade inicial: o persoal docente fará unha lectura en voz alta e presentación do libro-obxecto <i>¿Hay un perro en este libro?</i> (2015), de Viviane Schwarz. A continuación, interactuando co alumnado mediante predicións e preguntas de comprensión e interpretación, farase unha exemplificación do comentario e análise da obra que deberán realizar, deseñado, os distintos grupos de traballo. — Actividade de desenvolvemento: en primeiro lugar, introduciranse brevemente os libros escollidos para o club de lectura. A continuación, un representante de cada grupo de traballo deberá levantarse e escoller a obra sobre a que vai traballar o seu equipo. Finalmente, deberá ler e comentar a obra seleccionada, en base ás indicacións ofrecidas na intervención inicial da persoa docente. — Actividade final: os diversos grupos de traballo deberán presentar cadansúa obra. Deberán falar dos elementos paratextuais, o argumento, o seu potencial nas aulas, unha valoración persoal e algunha idea de actividade con ela. Ao final da sesión, recórdaselle ao alumnado que as obras que presentaron serán as que poden seleccionar para a realización das entradas do blog. Esta mesma estrutura de sesión foi utilizada nas distintas sesións do club de lectura.</p>
	<p>RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS</p> <p>— Libro obxecto: <i>¿Hay un perro en este libro?</i> (2015). — Obras literarias seleccionadas para o club de lectura.</p>
	<p>RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS</p> <p>— Presentación dixital do tema 10. — Apuntamentos do tema 10. — Textos de referencia. — Libros-obxecto: <i>¿Quién es? ¡Cuidado!</i> (2015), <i>Ñac-ñac, el monstruo comelibros</i> (2016), <i>Animalario universal del profesor Revillod</i> (2016), <i>Pinocho. Cuentos con movimiento</i> (2017), <i>¿Quién está debajo del agua?</i> (2017), <i>San Jorge y el dragón</i> (2017), <i>Fort Extravagant</i> (2018), <i>Tren. Construye tu circuito de aventuras</i> (2018), <i>¿Qué hay debajo de tu cama, Ted?</i> (2019), <i>Un becho estraño</i> (2020), <i>Mi libro carrusel. Cuentos fantásticos</i> (2020), <i>Museo en pijamarama</i> (2020).</p>
TEMA 11	<p>Exposición maxistral de contidos teóricos do tema 11: «O libro informativo na aula de infantil». Como acontece nas demais sesións expositivas da unidade, esta irá acompañada da formulación de preguntas para a participación activa do alumnado e a presentación e lectura de diversas mostras de libros informativos indicadas no apartado de recursos para exemplificar algúns dos aspectos teóricos traballados; esta dinámica irá acompañada de predicións e momentos de debate e intercambio de percepcións sobre as obras.</p>
	<p>RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS</p> <p>— Presentación dixital do tema 11. — Apuntamentos do tema 11. — Textos de referencia. — Libros informativos: <i>Yo me pregunto</i> (2013), <i>El misterio del diente</i> (2016) e <i>Cor animal</i> (2020).</p>

TEMA 11	SESIÓN 21	A sesión 21 repite a mesma estrutura da sesión 19, cunha nova sesión do club de lectura. A obra utilizada pola docente para iniciar a dinámica será o libro informativo <i>¡Yo quiero saber de verdad qué es la muerte!</i> (2021), de Monsier Mouch e María Paz.
		RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS
		— Libro informativo: <i>¡Yo quiero saber de verdad qué es la muerte!</i> (2021). — Obras literarias seleccionadas para o club de lectura.

Fonte: elaboración propia

AVALIACIÓN

A avaliación desta UD está inserida na da propia materia. Tomando como referencia a ponderación fixada no apartado de sistema de avaliación das correspondentes guías docentes da materia, a cualificación final da materia será obtida a partir dunha proba escrita final (cun peso do 50 %) e dos seguintes traballos:

- Entradas no blog *Petiscando libros* (20 %): a partir dos libros traballados no club de lectura, os grupos de traballo creados nas interactivas deberán subir 5 entradas obrigatorias ao blog creado *ad hoc* para a materia (<https://petiscandolibros.wordpress.com/>). As entradas seguen a seguinte estrutura: datos bibliográficos, cuberta e imaxes interiores de mostra, tipoloxía de libro, recomendación de idade, recensión, curiosidade, 2 propostas de actividade e contidos curriculares de infantil relacionados. Logo da creación do borrador, o persoal docente será avisado para a súa corrección antes de programar a entrada para que sexa publicada na hora e data escollida.
- Traballo escrito grupal (10 %) e exposición (5 %): consiste na elaboración dunha unidade didáctica para algún dos cursos da Educación Infantil cuxo principal recurso sexan obras literarias infantís e/ou libros para a infancia na liña dos presentados e traballados na aula. Os apartados que debe incluír son: título; presentación e xustificación (nivel e temporalización); metodoloxía; obxectivos (curriculares e específicos); contidos (curriculares e específicos); atención á diversidade; recursos (materiais, persoais e espaciais); selección de obras utilizadas; elaboración da proposta (fases e/ou sesións coas súas respectivas actividades); avaliación e conclusión.
- Traballo escrito individual (10 %): dentro da avaliación da materia, o alumnado ten pautada a realización dun *portfolio* individual. O obxectivo é dar resposta a cinco preguntas vinculadas con cinco contidos da materia desenvolto durante as sesións correspondentes aos temas 1, 2, 3, 4-5 e 8-9.

Tamén se terá en conta a asistencia e participación (5 %). O principal instrumento utilizado será a folla de control da asistencia. Como se indica nas guías docentes da materia, se o alumnado falta a máis dun 20 % das sesións da materia, sen a xustificación oportuna, perderá o dereito ao sistema de avaliación continua.

Ademais, para a valoración e seguimento da participación, o profesorado elaborará un diario de clase e unha folla de rexistro descritivo sobre a dinámica de clase, especialmente das sesións interactivas, intentando adaptar e/ou reforzar aqueles aspectos nos que se detecte un baixo rendemento. Prestarase especial atención nos referidos ao clima creado na aula e á interacción entre as persoas implicadas (profesorado e alumnado).

A UD aquí desenvolva terá un peso variábel nos distintos traballos pautados. Porén, no caso do traballo grupal, do exame e da valoración da asistencia e participación, nos que todos os contidos da materia serán fundamentais para o seu desenvolvemento, o peso desta UD é dun 20% do total. Esta porcentaxe foi obtida tendo en conta que ocupa 4 sesións das 21 totais da programación. No caso das entradas de blog, a esta UD correspóndenlle as entradas sobre libros-objeto e libros informativos.

En relación aos traballos escritos, no caso de que a persoa que exerza a docencia detectase producións copiadas/plaxiadas ou sen a debida citación de fontes incorrerase na suspensión automática da entrega.

O proceso de avaliación da materia e, de maneira implícita, tamén desta UD, contempla tamén a avaliación da propia materia e da acción do persoal docente. Neste sentido, utilizarase un cuestionario de *Google Forms*, con distintos tipos de preguntas, cuxo enlace será facilitado á totalidade do alumnado. Trátase dun instrumento facilitado polo profesorado á marxe da avaliación institucional. De maneira anónima, aqueles discentes que queiran poderán realizalo, ofrecendo datos moi importantes para a mellora da organización da materia en vindeiros anos. Para a avaliación concreta do club de lectura e o blog tamén se usarán dous cuestionarios diferenciados realizados *ex professo*:

- Un pasaporte lector onde os distintos grupos de traballo poderán facer o seguimento e a valoración das obras lidas no club de lectura. Ademais, este elemento contará cun cuestionario con preguntas de escala tipo Likert onde poderán valorar aspectos en relación ao club, ao blog e outras máis xerais (sobre a selección, o ambiente de aula, o rol da docente e os materiais creados).
- Un cuestionario con preguntas abertas, dicotómicas, de resposta múltiple e de escala tipo Likert, arredor da relación directa da experiencia do club cos hábitos lectores e a formación do alumnado como futuros mediadores.

BIBLIOGRAFÍA/WEBGRAFÍA

AGRA, A. e M. HANISH (2020): *Cor animal*, Pontevedra: Kalandraka.

AMERICO, T. (2017): *Pinocho. Cuentos con movimiento*, Madrid: Editorial San Pablo.

ANDREACCHIO, S. (2020): *Mi libro carrusel. Cuentos fantásticos*, París: Auzou.

BEST POP-UP BOOKS (14 de outubro de 2015): Favorite Pop-ups created by Robert Sabuda [Arquivo de vídeo], Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=vpJmTSAIHeQ>

- (8 de decembro de 2015): Disney Princess: A Magical Pop-Up World by Matthew Reinhart [Arquivo de vídeo], Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=qa_7h0pMLFY
- CARTER, B. (2001) *Libros de información: del placer de saber al placer de leer*, Venezuela: Banco del Libro de Caracas
- CORON, B. (2018): *Fort Extravagant*. Aubervilliers: Les Grandes Personnes.
- DAPORTA, J. R. e O. VILLÁN (2020): *Un becho estraño*, Pontevedra: Kalandraka.
- DAYNES, K. e M.-E. TREMBLAY (2013): *Yo me pregunto*, Madrid: Usborne.
- GARRALÓN, A. (2013): *Leer y saber: los libros informativos para niños*, Madrid: Tarambana libros.
- G-PEDREIRA, R. (2018): Intertextualidad en libros pop-up: el caso de The Dragon and the Knight de Robert Sabuda. En E. ABERASTURI-APRAIZ, A. ARRIAGA e I. MARCELLÁN-BARAZE (Coords.): *Arte, Ilustración y Cultura Visual. Diálogos en torno a la mediación educativa crítica dentro y fuera de la escuela*, País Vasco: Universidad del País Vasco, pp. 285-290.
- G-PEDREIRA, R. e O. CORTIZAS (2017): As adaptacións dos clásicos da Literatura Infantil e Xuvenil en formato «pop-up» para primeiros lectores. En A. C. VASCONCELOS DE MACEDO, M. NEIRA RODRÍGUEZ e S. REIS DA SILVA (Coords.): *Primeiros libros, primeiras lecturas*, Porto: Tropelias & Companhia, pp. 133-144.
- GREENING, R. e S. LYNCH (2019): *¿Qué hay debajo de tu cama, Ted?*, Madrid: Bruño.
- HEGARTY, P. (2015): *¿Quién es? ¡Cuidado!*, Barcelona: Combel.
- LEBLOND, M. e F. BERTRAND (2020): *Museo en pijamarama*, Pontevedra: Kalandraka.
- MARTÍ ORRIOLS, M. e X. SALOMÓ FISA (2017): *San Jorge y el dragón*, Barcelona: Combel.
- MARTINS, D. (2019): *O lugar do libro-brinquedo na infância e na literatura: arquitetura, (inter)texturas e outros desafios* [Tese de Doutoramento], Braga: Universidade do Minho.
- MILES, L., R. CLUNES e G. ANTONINI (2018): *Tren. Construye tu circuito de aventuras*, México: Nirvana libros.
- MOUCH, M. e M. PAZ (2021): *¡Yo quiero saber de verdad qué es la muerte!*, Girona: Takatuka.
- MURUGARREN, M. (2016): *Animalario universal del profesor Revillod*, Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- NORRIS, E. e A. MANSFIELD (2017): *¿Quién está debajo del agua?*, Madrid: Bruño.
- SAMPÉRIZ, M., R. TABERNERO, M. J. COLÓN e N. MANRIQUE, N. (2021): El libro de no ficción para prelectores. Análisis de las claves de construcción del discurso, *Cuadernos Del Centro De Estudios De Diseño Y Comunicación*, 124, 73-90. <https://doi.org/10.18682/cdc.vi124.4418>
- SÁNCHEZ, M. (2015): *¡Pop-up! La arquitectura del libro móvil ilustrado infantil* [Tese de Doutoramento], Granada: Universidad de Granada. <https://digibug.ugr.es/handle/10481/49073#.WoAuKpOFi3W>
- SCHWARZ, V. (2015): *¿Hay un perro en este libro?*, Santander: Editorial Milrazones.
- SILVA, S. R. da (2020): *Clássicos da Literatura infantojuvenil em forma(to) de livro-objeto*, Braga: UMinho Editora.
- SQUILLONI, A. e R. BLANCO (2016): *El misterio del diente*, Almería: Libre Albedrío.

TABERNERO SALA, R. (2017): O leitor no espaço do livro infantil. Para uma poética da leitura a partir da materialidade. En A. M. RAMOS (Org.): *Aproximações ao livro-objeto: Das potencialidades creativas às propostas de leitura*, Porto: Tropelias&Companhia, pp. 181-199.

YARLETT, E. (2016): *Ñac-ñac, el monstruo comelibros*, Madrid: Cubilete.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA